

A Coruña: manifestación contra a represión dos movementos sociais



A **CGT** da Coruña apoia a **manifestación** contra a represión dos movementos sociais cuxo inicio terá lugar na **Coruña, na Praza de Vigo, o sábado, día 30, ás 19:00 horas**.

A **CGT** denuncia a persecución irracional contra varios compañeiros da Insumisa, algún deles acusado do disparatado delito de sedición, e esixe o peche das actuacións sen cargos, que é o que corresponde.

Para a **CGT** estas actuacións son un reflexo das política represiva do Estado contra todos aqueles que non se pegan aos seus estreitos esquemas políticos, sociais e mentais e, polo tanto, merecentes dos escarmentos máis exemplarizantes. Así, temos centos de activistas en todo o Estado que están sendo procesados e encadeados polos temas máis nimios, como piquetes informativos sindicais, resistencia ás detencións, libre creación artística, opinións públicas, etc.

A **CGT** da Coruña convoca aos seus afiliados e simpatizantes á participación na manifestación, amosando o rexeitamento contra a represión e reclamando a fin desta política.

Comité Local da **CGT** da Coruña